

Resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se fai pública a adxudicación de prazas do proceso selectivo unitario para o ingreso nas prazas de vixilante municipal, convocado pola Orde do 23 de xuño de 2021 (DOG núm. 127 do 6 de xullo)

Con data 6 de xullo de 2021 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 127 a Orde do 23 de xuño de 2021 pola que se convoca proceso selectivo unitario para o ingreso nas prazas de vixilante municipal.

Segundo dispón a convocatoria na base 8.1 da convocatoria "Unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal elaborará por orde decrecente de puntuación a lista de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o de prazas convocadas.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será como máximo igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza."

Con data 14/03/2022 o Tribunal designado para cualificar o proceso emite a resolución pola que se aproba a relación de persoas que superaron o proceso, así como a listaxe de reserva, ámbalas dúas por orde decrecente de puntuación. A resolución inclúe ademais unha relación de persoas que superaron as probas do proceso e que non figuran na listaxe de aprobados nin na de reserva por obter unha puntuación inferior á das persoas que figuran nesas listaxes.

As tres listas foron publicadas na páxina web da Agasp.

A través de Resolución de 13 de abril de 2022 convocouse ás persoas que figuran na resolución anterior na listaxe de aprobados e nos primeiros 35 posos da listaxe de reserva ao acto de elección de praza. O dito acto ,celebrouse na sede da Agasp o día 18 de abril de 2022.

Logo do dito acto, e en atención a todo o anterior,

RESOLVO

Primeiro.: Publicar a relación das prazas asignadas de acordo co previsto nas bases da convocatoria publicadas a través da Orde do 23 de xuño de 2021, como anexo a esta resolución

Segundo.: Comunicar e remitir aos concellos a documentación completa das persoas para o seu nomeamento e toma de posesión.



Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lei 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

A Estrada, na data da sinatura electrónica

O director xeral da Agasp

Santiago Villanueva Álvarez

Anexo

NIF CIFRADO	APELIDOS E NOME	CONCELLO
***1531**	ACUÑA PEON, EDUARDO	Renuncia
***5585**	CELA LOPEZ, JUAN JOSE	Renuncia
***2333**	PAZOS SIEIRO, JUAN ANTONIO	Renuncia
***7502**	LOPEZ ALVAREZ, RUBEN	Renuncia
***4154**	FIGUEROA VAZQUEZ, RODRIGO JOSE	Friol
***4845**	REBOLO LOPEZ, ALEJANDRO	Renuncia
***4792**	DIAZ PENA, HENRIQUE	Renuncia
***2615**	CARRILLO CALVO, ALBERTO	Renuncia

